

## RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚM. 2024/0042

En Ribeira de Piquín, a 19 de xuño de 2024.

**Asunto:** Lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a contratación dun peón de explotacións gandeiras, como persoal temporal, a media xornada (50%), cunha duración de seis (6) meses.

**DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, PRESIDENTE DA FUNDACIÓN MUNICIPAL “TERREO”.**

De conformidade co expediente de provisión dun peón de explotacións gandeiras, como persoal temporal, a media xornada (50%), cunha duración de seis (6) meses, mediante concurso-oposición regulado nas Bases aprobadas por Resolución da Presidencia núm. 2024/0040, de data 7 de xuño de 2024.

Visto que con data 12 de xuño de 2024 se publicou anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 087, comezando a contar o prazo de presentación de instancias a partir do día seguinte da dita publicación.

Analizadas as solicitudes presentadas e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos do devandito proceso selectivo, cos/as seguintes aspirantes:

### LISTA DE ADMITIDOS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO
Fernández Fernández, José Manuel	***7868**	NON

### LISTA DE EXCLUÍDOS:

Ninguén.

**SEGUNDO.-** Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección de persoal:

Presidente: Dna. Andrea Pasarín Marey, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Vogais:

D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor acumulado do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. Sandra Teijeira López, Administradora do Obradoiro de Emprego O Castro IX do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. María del Carmen Carricajo Alavés, Traballadora Social do Concello de Ribeira

de Piquín (Lugo).

Secretaria: A Secretaria da Fundación Municipal Terreo, Dna. Pilar Tella Mazoy, ou persoa en quen delegue.

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o 25 de xuño de 2024, ás 12:30 horas, no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín, aos efectos da realización da fase de concurso.

**TERCEIRO.-** Convocar aos aspirantes que non acreditaron o coñecemento do idioma galego para realizar a proba escrita correspondente, ás 13:00 horas do día 25 de xuño de 2024, na antiga escola de Chao de Pousadoiro.

**CUARTO.-** Convocar aos aspirantes do citado proceso selectivo para a realización do primeiro exercicio, de carácter teórico, ás 13:30 horas do día 25 de xuño de 2024, na antiga escola de Chao de Pousadoiro. Unha vez concluído este e puntuado polo Tribunal, procederáse seguidamente á realización do segundo exercicio, de carácter práctico.

**QUINTO.-** Dar conta da presente resolución ao Patronato da Fundación municipal "TerrEo" na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Mándao e asíno o Sr. Presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 19 de xuño de 2024. Do cal como Secretaria, Dou Fe.

Asdo.: D. Roberto Fernández Rico,  
Presidente.

Asdo.: Dna. Pilar Tella Mazoy,  
Secretaria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE